



NOTA DE PRENSA

A PRESIDENTA DO PARLAMENTO DE GALICIA PRESENTA O NOVO PORTAL WEB DA CÁMARA COMO "APOSTA POLAS NOVAS TECNOLOXÍAS PARA ESTABLECER UN DIÁLOGO DIRECTO ENTRE OS CIDADÁNS E OS SEUS REPRESENTANTES"

Dolores Villarino e o vicesecretario da Mesa, Xosé Manuel Baltar, presentaron hoxe a nova ferramenta

Santiago de Compostela, 27 de abril de 07. A presidenta do Parlamento de Galicia, Dolores Villarino Santiago, presentou hoxe en Santiago o novo portal web da Cámara autonómica, elaborado cos criterios de "transparencia e achegamento aos cidadáns". Dixo que esta nova ferramenta establece un "diálogo directo entre os cidadáns e os seus representados grazas á aposta polas novas tecnoloxías".

Villarino explicou que a páxina www.parlamentodegalicia.es asume o principio de total transparencia permitindo asistir en directo aos debates lexislativos pormenorizados e o seguimento de expedientes. Explicou que o novo portal inclúe un buscador no que se pode consultar o estado de tramitación dunha iniciativa, o seu historial e mesmo o arquivo audiovisual completo dende 1992.

Ademais permite que os usuarios aporten as súas suxerencias e comentarios ás iniciativas lexislativas en trámite a través da "ponencia virtual" denominada "Lexisla con nós". Esta nova páxina resposta aos criterios de accesibilidade A de Internet para discapacitados descritos polo W3C.

A aposta do Parlamento por internet, dixo, produxo un aumento do número de visitas rexistradas dende as 5.600 ao mes de 2005 ás 9.950 en 2006, e no que levamos de ano a media aumentou ata 11.750.

Pola súa banda, o vicesecretario da Mesa do Parlamento de Galicia, Xosé Manuel Baltar, explicou que o novo portal aposta polos medios técnicos para "facilitar a comunicación directa entre os cidadáns e os seus representantes" grazas ás novas tecnoloxías. Dixo que este novo pulo sitúa a páxina do Parlamento de Galicia á cabeza dos sitios web do arco parlamentario do Estado.

Explicou que está dividida entre "actividade parlamentaria", que permite o acceso ás actividades do Parlamento, a retransmisión audiovisual e os actos que teñen lugar na Cámara, "información institucional", que da acceso ao buscador de iniciativa parlamentarias, composición da Cámara ou os comunicados oficiais, "participación cidadá", inclúe os sitios web dos deputados, a ponencia virtual, subscritor temático, un apartado para a emigración ou reservas para visitas guiadas-, e finalmente o "centro de prensa" inclúe as novas de prensa, imaxes e o arquivo audiovisual-.

Un Saúdo,

Departamento de Prensa,
Parlamento de Galicia.